

PROVINCIA: LUGO	MUNICIPIO: FOLGOSO DE CAUREL
-----------------	------------------------------

Exp: 5/98

ID: 467

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

"DE TARO BLANCO y FORCADAS"

COMUNIDAD PROPIETARIA

VECINOS DE MEIRADS

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	17	4.1	1

SUPERFICIE

~~HECTAREAS~~

~~300~~

219

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 5/98.

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE EN FUNCIONES:

Don Emilio Sánchez Coto.

VOCAIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Manuel Veiga Franco.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a catorce de decembro de mil novecentos noventa e nove, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 5/98 para a posible clasificación como veciñais en man común dos montes " TARO BLANCO e FORCADAS ", no concello de FOLGOSO DO COUREL, iniciado por acordo do Xurado coa data do 26 de maio de 1998, sendo vocal instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 15 de xuño de 1998), iniciouse o expediente número 5/98 (por instancia de DON MANUEL RIVERA PARADA e 6 veciños máis, con domicilio no lugar de MEIRAOS, parroquia de MEIRAOS, concello de FOLGOSO DO COUREL), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 20 de agosto de 1998, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se os montes de referencia figuram incluídos ou non no catálogo dos de Utilidade

Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Coa data do 26 de agosto de 1998, recibiuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que os montes " TARO BLANCO e FORCADAS ", forman parte do denominado " SERRA DO COUREL ", nº 61-A do catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

CUARTO: Coa data do 31 de agosto de 1998 (rexistro de saída número 80.277, do día 4 de setembro do mesmo ano), solicitáronse do Rexistre da Propiedade de QUIROGA os documentos seguintes: 1º) certificación dos asentos que poidan afectar ós terreos en cuestión e que acredeite o nome das persoas a favor das que estean inscritos, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 30 de outubro de 1998, recibiuse certificación do Rexistre da Propiedade de QUIROGA, na que se fai constar que os montes " TARO BLANCO e FORCADAS " non figuran inscritos nese Rexistre tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de LUGO e que non existe presentado e pendente de despacho no libro Diario ningún documento referente ós predios que se certifican.

SEXTO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999, comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.419, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Alcalde de Barrio da parroquia de MEIRAOS, concello de FOLGOSO DO COUREL, o dereito da comunidade de veciños do lugar de MEIRAOS á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente dos montes " TARO BLANCO e FORCADAS ", (con voz pero sen voto).

OITAVO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.442, do mesmo día, mes e ano), remitiuse EDICTO para a súa publicación no D.O.G., poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

NOVENO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistros de saída números 6.447 e 6.449, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó concello de FOLGOSO DO COUREL a iniciación do expediente e remitíronselle EDICTOS para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertencen os citados montes.

DÉCIMO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.465, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de QUIROGA, a iniciación do expediente e solicitouse ANOTACIÓN PREVENTIVA.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.473 do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación DON MANUEL RIVERA PARADA, con domicilio en MEIRAO, parroquia de MEIRAO, concello de FOLGOSO DO COUREL, a iniciación do expediente.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 17 de febreiro de 1999, aparece publicado o EDICTO no D.O.G. número 32, páxina 1.802, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación dos montes " TARO BLANCO e FORCADAS ".

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 11 de marzo de 1999, recibiuise comunicación do Rexistro da Propiedade de QUIROGA, na que se fai constar a anotación preventiva feita polo mesmo relativa ós montes "TARO BLANCO e FORCADAS", (folio 25, libro 33 de FOLGOSO DO COUREL, tomo 216 do arquivo, predio 3.075, anotación letra A).

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 30 de marzo de 1999, recibiuise dilixencia do concello de FOLGOSO DO COUREL, na que se fai constar que o EDICTO estivo exposto no tablón de anuncios dese concello durante o prazo de 30 días, sen que se rexistraran reclamacións, alegacións ou

suxerencias relacionadas co citado edicto.

DÉCIMO QUINTO: Non se recibiu comunicación da comunidade de veciños do lugar de MEIRAO, na que se deberían nomear dous representantes da mesma diante do Xurado.

DÉCIMO SEXTO: Non se recibiu reclamación ningunha relacionada coa posible clasificación dos montes " TARO BLANCO e FORCADAS " como veciñais en man común.

DÉCIMO SÉTIMO: No expediente de investigación previa (carpeta-ficha) figura a comparecencia feita por unha representación veciñal coa data do 11 de abril de 1972, na que manifestaron que estes montes estiveron en posesión dos veciños desde tempo inmemorial, que chegaron a repartilos entre os mesmos e que estas parcelas son transmitidas entre veciños por compravendas e herdanzas. Parte dos montes na zona de " TARO BLANCO " foi ocupada pola repoboación forestal feita polo Patrimonio, sobre o que xa eran parcelas de particulares. Os posibles beneficios sobre esta repoboación considéranse con dereito os veciños, segundo o ocupado a cada un deles.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Nos montes " TARO BLANCO e FORCADAS " cabe distingui-lo seguinte:

- a parcela coñecida polo nome de " TARO BLANCO " ubicada ó norleste do lugar de MEIRAO está ocupada en parte pola repoboación forestal levada a cabo polo Patrimonio Forestal do Estado, e o resto, ~~agás~~ unha zona de mato de carballo, está cuberta de toxos. Salvo algúns cerramento de pedra ou aramio, presenta aproveitamentos de tipo mancomunado.

- a parcela coñecida polo nome de " FORCADAS " ubicada ó suroeste do lugar de MEIRAO, na faldra da zona coñecida por PENIDO, está

cuberta de mato de carballe, agás algunhas zonas pedregosas. Tamén está aproveitada mancomunadamente.

Realizadas as comprobacións planimétricas oportunas a superficie resultante é de 125 hectáreas na parcela citada en primeiro lugar e de 94 hectáreas na segunda, o que fan un total de 219 hectáreas. Modifícase, polo tanto, a superficie que figura no expediente de investigación previa (carpeta-ficha), por non axustarse á realidade.

En consecuencia, é procedente clasificar como veciñais en man común os montes " TARO BLANCO e FORCADAS ", cunha superficie de 219 hectáreas, tendo en conta que cumpren ámbalas dúas parcelas os requisitos do artigo 1 da citada Lei e polo tanto revisten o carácter de veciñais en man común. Cando sexa delimitado deberán excluirse os cerramentos ós que se aludía na parcela " TARO BLANCO ", que teñen aproveitamento individualizado.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñais en man común os montes das seguintes características:

Nomes: " TARO BLANCO e FORCADAS ".
Pertenza: veciños do lugar de Meiraos.
Parroquia: Meiraos.
Superficie: 219 hectáreas.
Concello: Folgoso do Courel.

Estremas e perímetro:

Parcela " TARO BLANCO " (125 hectáreas):

Norte: limitando co monte " TARO BLANCO " pertencente ós veciños do lugar de VILASIVIL , sube segundo unha lomba cara ó norleste desde os predios particulares de MEIRAOS ata o alto de Taro Blanco de onde baixa na mesma dirección ata Fonte do Lago. Aquí empeza a dividir cara o leste co monte " DE VILELA ".

Leste: segue dividindo co monte " DE VILELA " cara ó surleste faldreando por enriba dos prados de VILELA ata a lomba das de Xanfrán. Aquí empeza a dividir co monte " DE PIÑEIRA " co que segue cara ó sur faldreando por enriba dos prados de BARREIRO, sube á lomba de BARREIRO a COTO e baixa a media faldra cara ó suroeste ata Valdavellas.

Sur: desde Valdavellas segue cara ó suroeste dividindo co monte " DE PIÑEIRA " ata Castro de Cousoliños onde empeza a dividir cos predios particulares de MEIRAOIS.

Oeste: limita cos predios particulares de MEIRAOIS.

Parcela " FORCADAS " (94 hectáreas) :

Norte: limitando de oeste a leste co monte " PENIDO " pertencente ós veciños do lugar de VILASIVIL, desde Chao Grande de Penido por unha lomba cara ó norleste ata o río Pequeno.

Leste: limita co río Pequeno e predios particulares de MEIRAOIS.

Sur: desde preto do río Pequeno e Forcadas limitando con monte " DE SEOANE " sube cara ó suroeste ata Lamelas.

Oeste: desde Lamelas subindo cara ó noroeste pola lomba do mesmo nome divide co monte " DE MERCURÍN " ata Castro do Brio, segue limitando cara ó noroeste co monte " DE MERCURÍN " por Subpenela ata subir a Chao Grande de Penido.



[Handwritten signatures and initials follow, including "Lamelas", "Castro do Brio", and "Subpenela". A large, stylized signature is present on the right side.]

LU 17 4.1 1

Termino

8

Piedrafita

